



Competencia dixital do profesorado na utilización do libro dixital E-Dixgal en Galicia

Digital competition of the teaching staff in the utilization of the book digital E-Dixgal in Galicia

Eduardo Machado*, Emilio Río** Santiago Josenje***

*Universidade da Coruña, **Universidade Santiago de Compostela, ***Inspector da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

Resumen

Neste artigo concréntanse as características que definen o libro dixital e que lle fan resultar atractivo e útil á comunidade educativa. En primeiro lugar, defínese o libro dixital E-Dixgal e concretan as súas características e os problemas e inconvenientes que nos podemos atopar co seu uso. En segundo lugar, concretar en qué consiste o E-Dixgal e cómo afecta á introdución do devandito proxecto na aula. Finalmente, obsérvase como está a ser a introdución do libro dixital en relación os novos equipos ultraportátiles, as novas apps, a nova ferramenta de autor para crear contido.

Palabras claves: Proxecto Abalar, E-Dixgal, integración, competencias dixitais.

Abstract

In this article concretize the characteristics that define the digital book and that do him result appeal and useful to the educational community. Firstly, it defines the digital book E-Dixgal and concretize his characteristics and the problems and inconvenientes that can find us with the his use. Secondly, concretize in qué consists it E-Dixgal and cómo affects to the introduction of the devandito project in the classroom. Finally, it observes how is being the introduction of the digital book in relation the new teams ultraportátiles, the new apps, the new tool of author to create content.

Keywords: Project Abalar, E-Dixgal, integration, Digital competences.

Introducción

Na actualidade, o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), tanto na vida persoal como na laboral preséntase como unha destreza básica que dota dunha maior autonomía de competencia ao individuo dentro da sociedade.

Dentro do ámbito educativo, consideramos esencial a introdución destas novas tecnoloxías xa non como unha materia illada, senón como unha capacidade transversal básica que non só adquire unha importancia por si mesma, senón na súa aplicación en todos os distintos ámbitos de coñecemento que se abranguen.

Estas tecnoloxías poden aumentar as posibilidades didácticas do profesor, ao abrir a porta a novas

metodoloxías que permiten un ensino máis personalizado a cada alumno, favorecen o traballo colaborativo, permiten programar actividades que o alumno pode abordar de forma autónoma, etc.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, coñecida como LOMCE, modificar nalgúns aspectos a anterior LOE. Non introduce cambios no que á competencia dixital do alumnado se refire e si que, por primeira vez, se alude de forma superficial na normativa educativa á competencia dixital docente.

Unha das grandes propostas da LOMCE é intensificar o uso das TIC e para isto propónse:

- A extensión do concepto de aula no tempo e no espazo: contornas virtuais de aprendizaxe.
- A utilización compartida das plataformas dixitais e tecnolóxicas do Ministerio por administracións educativas, centros docentes, profesorado e alumnado.
- A selección de recursos dixitais de calidade, e recoñecemento das achegas da comunidade educativa que cumpran certos requisitos de calidade.

Para alcanzar este obxectivo en tan curto prazo os profesores, os centros e toda a Comunidade Educativa en xeral, debe estar preparados e dispoñer dos recursos materiais e humanos necesarios. É urxente que o profesorado adquiera as competencias básicas, tecnolóxicas e pedagóxicas suficientes para adaptar os avances das TIC ao mundo educativo.

Na preocupación por ofrecer unha educación capaz de responder ás cambiantes necesidades e ás novas demandas para lograr unha educación de verdadeira calidade os centros educativos non universitarios, en xeral os centros educativos galegos levan varios anos introducindo os medios informáticos e Internet como recursos ou instrumentos de apoio ao aprendizaxe. O coñecemento destas TIC (ordenadores, EDI, redes, libro dixital, apps...) estase a converter, por iso, nun ben necesario e imprescindible, e de maneira especial para as novas xeneracións de alumnos que viven cada vez máis inmersos nun universo tecnolóxico, no que necesariamente han ser protagonistas. Neste sentido, o uso destas tecnoloxías será básico para o seu

desenvolvemento e para o seu beneficio persoal e colectivo.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia a través da Amtega, está a facer un esforzo para mellorar as liñas de conexión dos centros. Durante este período a compañía adxudicataria do concurso de telecomunicacións nos edificios da Xunta de Galicia ten presentado un plan de actuación para ampliar, nos casos nos que sexa posible, o ancho de banda nos centros escolares.

Dentro deste esforzo por mellorar a conectividade dos centros educativos durante o 2016 pasouse dunha velocidade media de 26,6 a 58 Mbps, con 370 centros con velocidade de 100 ou 200 Mbps.

O Proxecto Abalar e E-Dixgal no noso centro

O Proxecto Abalar se desenvolve no noso centro dende o curso 2010-2011 de forma continuada rematando a súa implantación no 2012-2013. Abarca 4 aulas de 5º e 6º de Ed. Primaria con un número total de 89 alumn@s.

Neste proxecto participa a maioría do profesorado que imparte clase nas devanditas aulas, ademais participaron voluntaria e activamente outros profesores que acudiron as sesión de formación durante os cursos anteriores.

A diversidade de niveis entre o profesorado é moi acusado, sendo o maior problema atopado para o desenrolo dos contidos. A adaptación é complicada e en ocasións provoca que o ritmo de ensinanza sexa lento.

No curso 2016-2017 continuamos coa formación en TIC nun PFPP C1631009 Formación en ferramentas da web 2.0: Edlim, Exelearning.

Tamén se colleu por segundo ano consecutivo a plataforma de Aula Planeta para completar contidos dixitais.

Estamos levando a cabo unha formación do profesorado ao longo destes cursos coa coordinación e colaboración do centro de formación e recursos.

Para levar adiante estes contidos empregamos a aula virtual moodle (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipraquelcamacho/aulavirtual>) da web do centro.

Tamén se elaboraron varios blogs para a realización da formación Abalar:

- <http://obradoiroabalar.blogspot.com>,
- <http://competenciasdixitais.wordpress.com>
- <http://abalarpdi.blogspot.com>
- <http://quintosmegas.blogspot.com.es>;

Para o uso do libro dixital temos o blog:

- <http://edixgal.blogspot.com.es/>

Empregamos na Aula Abalar diferentes ferramentas web 2.0., o servidor do centro, a PDI e a Rede Edmodo: como aula virtual, rede social e blogs.

Edixgal (libro dixital):

Nas aulas TIC (5º E.P. e 6º E.P.) temos en funcionamento: o libro de texto dixital. No noso centro é nun dos que empezou de xeito experimental. Aínda que o potencial educativo sexa alto, ata o momento o único que deu foron dores de cabeza ao profesorado dos cursos implicados.

Intentamos seguir o protocolo que se nos pide dende a Consellería para levar a cabo o proxecto durante este e os próximos anos:

- Desenvolvemos o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado, que se incorporou ao proxecto educativo do centro.

- O centro, realizou unha divulgación da iniciativa entre toda a comunidade educativa, con especial incidencia no alumnado e nas familias, de xeito que se proporcionou a información necesaria e se realizou a adecuada sensibilización en relación con esta programa.

- O profesorado implicado e o equipo directivo, segundo corresponda, participou nas actividades de formación vinculadas ao proxecto que se planificou tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- O centro garantizou a participación activa da persoa coordinadora do proxecto e dalgún membro do equipo directivo nas reunións de traballo que desde a Administración educativa se establezan.

Plataforma EVA (Ferramenta de autor)

Principais características do Edixgal:

- Espazo virtual para cada materia.
- Acceso aos contidos de libros dixitais e outros recursos e actividades propostas polo profesor.
- Integración co repositorio de contidos abalar e o punto neutro (agrega2)
- Ferramentas de avaliación: tarefas, cuestionarios, actividades...
- Ferramenta de comunicación: mensaxes, foros, chat, agenda...
- Ferramenta de autor: elaboración de contidos propios
- Seguimento da aprendizaxe do alumno/a.

Esperemos que nos próximos cursos e cos contidos xa máis formados do libro dixital, poidamos sacarlle maior partida a todo o material.

En principio ao ser experimental custounos un pouco a adaptación á nova plataforma.

Pero grazas ao bo facer das titoras de quinto e sexto á súa grande implicación para solucionar calquera dúbida ou problema o proxecto vai saíndo adiante.

Situación do Proxecto Abalar e E-Dixgal

As políticas de integración das TIC no sistema educativo baseadas no Proxecto Abalar foron a base para a implantación do libro de texto dixital en Galicia. Abalar incorporouse en 514 centros dunha poboación de 1.307, isto é, no 39% do conxunto de centros educativos considerados: 413 públicos dun total de 1.099 (37%) e 101 concertados dun total de 208 (48%).

A análise dos datos deste estudo (Fraga Varela & Alonso Ferreiro 2016) mostra un claro beneficio nas porcentaxes de implantación de Abalar para o conxunto dos centros concertados fronte aos públicos na Fase I do proxecto (35% fronte a un 19%), diferenza que se inviste en fases posteriores: 4% fronte a un 6% na Fase II e un 8% fronte a un 11% na Fase III. Unha situación que os investigadores cualifican de "estraña que se produce precisamente nunha primeira fase do proxecto que non conta nin con convocatoria nin resolución públicas". Segundo os investigadores da USC, "o desaxuste na implantación nas Fases II e III a favor dos centros públicos non chega a compensar a situación da Fase I". Isto supón que sexan un 48% dos centros concertados os

beneficiarios do proxecto Abalar, fronte a un 37% no caso dos centros públicos.

O resumo permite observar o nivel de penetración que está a ter Abalar no conxunto de centros educativos de Galicia, incorporando a un 40%. Mentres que a política de implantación do libro de texto dixital, E-Dixgal e tan só un 15% do conxunto total dos centros do sistema educativo galego.

Na actualidade temos 107 centros e 8535 usuarios registrados en E-Dixgal.

Competencia dixital do profesorado

No proceso de integración das TIC no sistema educativo galego detéctase a necesidade de proporcionar ao profesorado instrumentos de valoración para coñecer a propia competencia TIC docente e poder elixir dentro da oferta formativa aquelas actividades que mellor respondan ás súas necesidades.

Ao longo do curso 2016/2017, dentro do Plan de Formación do Profesorado, estivo a impartir formación destinada ao profesorado participante no proxecto, en particular:

- Formación sobre o proxecto de Libros Dixitais E-Dixgal (15 actividades que benefician a preto de 300 docentes).

- Formación en centros para profesorado Abalar (máis de 40 actividades de formación, que supoñen preto de 2.000 horas de formación).

- Cursos presenciais de tecnoloxías de información e da comunicación, emprego didáctico das EDI e ferramentas colaborativas para profesorado Abalar (12 cursos que benefician a máis de 200 docentes).

- Cursos a distancia de tecnoloxías de información e da comunicación para profesorado Abalar nas que participan cerca de 300 docentes.

- Adicionalmente, se desenvolveu unha nova edición da iniciativa "Navega con Rumbo" para a formación e concienciación do profesorado e do alumnado nos bos hábitos do uso da rede.

Novidades no E-DIXGAL

Para o curso 2017-2018 tense previsto unha serie de novidades para os centros edixgal

Equipos:

Substitución dos equipos do alumnado por equipos máis modernos con pantalla de entre 11, 12 ou 13 pulgadas, con teclado que se poida mover ou extraer e pantalla táctil (acaba de presentarse concurso público, polo que debido aos prazos de resolución, é posible que ata finais do primeiro trimestre os equipos non cheguen aos centros). Ao igual que ata a de agora as familias deben responsabilizarse da custodia destes equipos.

Os equipos virán xa coas maquetas instaladas e Eva offline formará parte do software.

Mentras non cheguen os novos equipos garantízase a reparación dos antigos ordenadores.

Mentras non se saiba a empresa adxudicataria non se sabe si se manterán os mesmos carros de carga adaptándoos aos novos equipos ou si se mandarán outros sistemas ou equipos de carga (o máis probable e que se modifiquen/adapten e se continúe con carros que xa temos).

Dotarase ao profesorado E-dixgal de un portátil de 14 pulgadas, en exclusiva para uso docente.

Conectividade:

Asinouse un convenio con industria polo que a partires do 2018 haberá en todos os centros de Galicia maior conectividade. O mínimo será de 100 MB, chegando ata os 200MB Contidos

Incrementaranse e enriqueceranse os contidos dixitais, entrará a concurso unha nova editorial e tamén haberá un concurso para provedores dixitais de linguas extranxeiras e inglés. Edebé e Netex seguirán formando parte da plataforma.

Fomentarase a creación de contidos dixitais por parte dos docentes, priorizaranse as licenzas a docentes para elaborar contidos dixitais.

Haberá novas ferramentas para a avaliación.

Capacitación:

Haberá cursos de capacitación e alfabetización dixital ás familias e plans específicos de formación do profesorado para centros Edixgal.

Aqueles docentes que precisen formación deben transmitilo para facer xornadas de acollida ao programa, para aqueles docentes que nunca traballaron con E-dixgal.

Instase a solicitar PFPP para a formación nos centros.

Actuacións e arranxos:

Haberá un soporte Premium, que consiste en:

a) Remoto multicanle: solución de incidencias a través de móbil, teléfono e internet, tanto para profesorado como para familias.

b) No territorio: con puntos de servizo técnicos territoriais aos que poder levar os equipos.

Compatibilidade libros de texto/E-Dixgal:

Solo en secundaria pódese compatibilizar nun 60% asignaturas E-Dixgal e asignaturas con libros de texto. Pero nos niveis E-Dixgal aínda que haxa asignaturas con libros de texto non haberá cheque para libros, xa que hai a gratuidade dos equipos nun 100%.

Haberá contratos programa vinculados a Edixgal.

Conclusións

Durante o curso 2016-2017 o proxecto abalar tivo moitos problemas debido aos fallos dos equipos e a reposición dos mesmos. Pouco a pouco as titoras foron solucionando os problemas que foron surxindo pero a Unidade de Atención a Centros (UAC) retrasou moito as incidencias nos arranxos dos equipos.

A experiencia de traballo por proxectos coas TIC (Abalar, Edixgal), resulta moi interesante. Este xeito de aprender enriquece o proceso ensino aprendizaxe, as familias comprométese máis e o alumnado está máis motivado. As ferramentas TIC e o acceso educativo a internet enriquece o noso traballo, faino máis significativo, porque o alumnado síntese parte do proceso e aprenden a chegar a información e a contidos que de ningún outro xeito poderíamos programar.

Un dos desafíos do dinamizador TIC/Abalar, e axudar aos teus compañeiros a superar a súa tecnofobia.

Citarei algúns deles:

- Non temos tempo. A formación TIC (cursiños obrigatorios ou voluntarios), supón tempo que vai máis alá da nosa labor docente.

- Dificultades técnicas. Os equipos non sempre funcionan ben, e ademais dispoñen dunha deficiente conexión.

- As TIC enredan ao alumnado. É difícil controlar a toda unha clase de 25 alumnos conectados a Internet, sen saber se están consultando as páxinas web requiridas.

- Información pouco fiable. Non nos podemos fiar de todo o que aparece en Internet.

- Os alumnos non aprenden. Limítanse a copiar sen ler, abusan de determinadas páxinas como Wikipedia para facer os traballos, e o que deben facer é aprender a contrastar a información que reciben.

- Non temos experiencia coas TIC. Non paga a pena formarse nas novas tecnoloxías.

- AS TIC non aportan nada a miña materia. Non necesitamos netbooks, nin proxecto Abalar para ensinar ao noso alumnado.

- A metodoloxía tradicional sempre nos funcionou, e agora non ten porque ser unha excepción.

A posibilidade de dispoñer dunha intranet no entorno educativo é algo moi positivo para o Centro, xa que se converte nun entorno seguro e privado para que os docentes galegos, poidamos dispoñer de servizos de colaboración e comunicación como o correo EduXunta ou portais como o XADE e fprofe.

Centrareime principalmente no Servidor Abalar, que aporta ao meu Centro tanto servizos de rede, que nos descargan de bastante traballo aos coordinadores abalar (co servidor de IP's dinámicas e as sempre problemáticas actualizacións), e os servizos de usuario, que me permiten restaurar os equipos que fallan, acceder no futuro ás web dinámicas (Drupal, Moodle e Coppermine), e o acceso ao repositorio de recursos educativos do noso Centro, que curso a curso o profesorado imos aumentando con traballos elaborados por nós mesmos, ou descargándoos directamente do espazo Abalar. Posiblemente esta sexa a ferramenta do servidor menos valorada e máis infrautilizada, a pesar de que nos ofrece a posibilidade de dispoñer dun espazo de almacenamento gratuíto, catalogación e busca de recursos educativos a disposición tanto do profesorado como do alumnado.



Figura 1. Alumnado traballando co E-Dixgal

E finalmente, se cadra unha das funcións máis importantes, e axudar aos nosos alumnos e alumnas a

entender a rede a as súas posibilidades comunicativas e de organización da información dun xeito titorizado, no que ademais hai que cumprir unhas normas. Deste xeito estaremos contribuíndo á súa formación non só de cara ao ensino formal senón tamén como persoas do século XXI, usuarios/as actuais ou próximos de redes sociais abertas nas que en moitos casos ninguén lles orienta nin axuda a manexar.

Referencias Bibliográficas

- Fraga Varela, F & Alonso Ferreiro, A. (2016). Presencia del libro de texto digital en Galicia: Una mirada estadísticogeográfica del proyecto e-dixgal. *Revista de curriculum y formación del profesorado*, ISSN-e 1138-414X, Vol. 20, N° 1, 2016.
- Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017-2018.
- Rodríguez Machado, E. "El Proyecto Abalar: formación y uso del profesorado y alumnado en un centro educativo digital" *Revista OGE (Organización y Gestión Educativa)* N° 3 Mayo 2012
- Rodríguez Machado. "Educación Física 2.0." *Revista DIM – N°24 Xaneiro 2013 ISSN: 1699-3748. Red DIM. Grupo de investigación DIM* Disponible: <http://dim.pangea.org/revistaDIM24/revistanewseleccionbuenaspracticash.htm#educacionfisica>
- Rodríguez Machado, E. Aproximación teórica a E-Dixgal. Libro digital de Educación Física. *Sportis: Revista Técnico-Científica del Deporte Escolar, Educación Física y Psicomotricidad*, ISSN-e 2386-8333, Vol. 1, N° 1, 2015, p. 2-15
- Rodríguez Machado, E. & Álvarez Fernández, I. (2016) Aplicacións para a atención á diversidade: uso dos dispositivos móbiles nas aulas de PT e AL, *Educa: revista galega do ensino*, 71.
- Rodríguez Machado, E. & Veiga Río, E. & González-Sanmamed, M. (2015). O Proxecto Abalar e o Libro Dixital en Galicia (E-Dixgal). *Revista de estudios e investigación en psicología y educación*, (13), p. 196-200
- Rodríguez Machado, E. (2015). A rede social educativa Edmodo na Educación Física como ferramenta de integración das TIC na aula Abalar. *Revista galega de educación*, p.62.
- Rodríguez Machado, E. (2015). Aproximación teórica a E-Dixgal. Libro digital de Educación Física Sportis: *Revista Técnico-Científica del Deporte Escolar, Educación Física y Psicomotricidad*, 1(1), p. 2-15
- Rodríguez Machado, E. & Veiga Río, E. & González-Sanmamed, M. (2015). Itinerary of Digital Competence: the advanced level. *Revista de estudios e investigación en psicología y educación*. N°. Extra 13, 2015, p. 206-210
- Rodríguez Machado Mª Jesús Barreiro Rial, Florinda Antelo Cambeiro, Rosa Mª Mosteiro Neira (2012). Proyecto Abalar. Formación y uso de las TIC en un centro educativo digital. *Organización y gestión educativa: Revista del Fórum Europeo de*

Administradores de la Educación, Vol. 20, Nº 3, 2012,
p. 29-32